

Xerencia



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Resolución do 9 de abril de 2021, da Universidade da Coruña, para nomear e publicar a composición do tribunal que xulgará as probas selectivas para o ingreso na escala técnica de especialistas (subescala química).

Mediante a Resolución do 7 de novembro de 2019 (DOG do 19 de novembro) convocáronse probas selectivas para a provisión dunha praza da escala técnica de especialistas (subescala química) da Universidade da Coruña vacante no cadro de persoal funcionario.

Esta Xerencia, no uso das atribucións conferidas no artigo 40 dos Estatutos desta Universidade, aprobados polo Decreto 101/2004, do 13 de maio (DOG do 26 de maio), e da delegación de competencias operada por Resolución reitoral do 14 de xaneiro de 2020, e conforme ao establecido na base 6.1 da convocatoria,

RESOLVE:

Publicar a composición do tribunal único que figura no anexo desta resolución, que xulgará as probas selectivas para o ingreso na escala técnica de especialistas (subescala química) da Universidade da Coruña.

Este tribunal terá dereito a percibir as indemnizacións que lle corresponden á categoría terceira das recollidas no Decreto 144/2008, do 26 de xuño, polo que se modifica o Decreto 144/2001, do 7 de xuño, de indemnizacións por razóns de servizos ao persoal con destino na Administración autonómica de Galicia.

A Coruña, asinado dixitalmente

O xerente
P.D. reitor (14.01.2020)

Ramón del Valle López

Código Seguro De Verificación	+i3nEa4v1rvNohbNLjsv+A==	Estado	Fecha y hora
Firmado Por	Ramón Alberto del Valle López - Xerente	Firmado	10/04/2021 11:37:12
Observaciones		Página	1/2
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/+i3nEa4v1rvNohbNLjsv+A==		



Xerencia



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

ANEXO

TRIBUNAL TITULAR

Presidente: Alberto Núñez Cardezo, funcionario da Universidade da Coruña

Vogais:

Luis Vázquez López, funcionario da Universidade da Coruña
María Fernanda Rodríguez Fariña, funcionaria da Universidade da Coruña
María Dolores Pérez Brun, funcionaria da Universidade da Coruña
José Antonio Bouzas Gómez, funcionario da Universidade da Coruña

Secretaria: Ana Valvanera Núñez Cartelle, funcionaria da Universidade da Coruña, que actuará con voz e sen voto.

TRIBUNAL SUPLENTE

Presidente: Alberto de Vega Martín, funcionario da Universidade da Coruña

Vogais:

Ricardo Maroño Vilaboa, funcionario da Deputación da Coruña
María Piñeiro Iglesias, funcionaria da Universidade da Coruña
Rubén Romero Rozas, funcionario da Universidade da Coruña
Pedro Monteserín Macías, funcionario da Universidade da Coruña

Secretario: Juan Andrés Pombo Prieto, funcionario da Universidade da Coruña, que actuará con voz e sen voto.

Código Seguro De Verificación	+i3nEa4v1rvNohbNLjsv+A==	Estado	Fecha y hora
Firmado Por	Ramón Alberto del Valle López - Xerente	Firmado	10/04/2021 11:37:12
Observaciones		Página	2/2
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/+i3nEa4v1rvNohbNLjsv+A==		

